



XUNTA DE GALICIA

*Conselleira de Educación, Universidade
e Formación Profesional*

galicia

Carmen Pomar Tojo

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2020

Queridos/as compañeiros/as,

Póñome en contacto convosco para facervos chegar a posición da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional arredor da celebración das probas da Oferta Pública de Emprego de Educación 2020. A nosa vontade, por respecto aos miles de persoas opositoras que nestes momentos están realizando un esforzo para prepararse nunha situación tan complexa como a que estamos a vivir, é manter o proceso, xa que aínda se está en prazo para levalo a cabo.

Nada nos gustaría máis que atender ás moitas expectativas xeradas por esta convocatoria de máis de 3.600 prazas. Porén, e en función das indicacións das autoridades sanitarias, logo de que finalice o novo período de Estado de Alarma, se non se puidesen desenvolver con normalidade e garantías para a saúde de todas e todos os participantes, procederíamos a revisar os prazos.

Gustaríanos poder darvos unha maior certeza, pero nestes momentos tan complexos, a prioridade vai ser, sempre, atender as indicacións das autoridades sanitarias. Non obstante, quixemos poñer esta decisión no voso coñecemento para responder á vosa preocupación.

Grazas pola vosa comprensión e cooperación en tempos tan excepcionais.

Carmen Pomar Tojo

Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional